

2º BACH

LINGUA GALEGA E LITERATURA

2º TRIMESTRE (UNIDADE 4)



IES RICARDO MELLA
PROFESORA: VERA ÁLVAREZ
CURSO 2025-2026

UNIDADE 4

ÍNDICE

UNIDADE 4.....	2
COMUNICACIÓN	3
Conectores textuais	3
REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA	8
Morfoloxía das palabras.....	8
Sintaxe	17
LINGUA E SOCIEDADE	19
Variedades dialectais do galego	19
EDUCACIÓN LITERARIA	27
Tema 7. A nova narrativa galega	27
Tema 8. O teatro galego entre 1936 e o 1975: a xeración dos 50 e o grupo de Ribadavia	34

COMUNICACIÓN

CONECTORES TEXTUAIS

Temporais	<i>aínda, despois de, sempre que, mentres...</i>	Aditivos	<i>e, ademais, tamén, á vez, do mesmo xeito...</i>
Espaciais	<i>preto de, arredor de, á esquerda...</i>	Tematizadores	<i>en canto a , a respecto de, no tocante a...</i>
Ordinais	<i>en primeiro lugar, antes de nada, a continuación...</i>	Consecutivos	<i>daquela, xa que logo, polo tanto, en consecuencia...</i>
Opositivos	<i>non obstante, porén, con todo, aínda así...</i>	Causais	<i>porque, pois, dado que, debido a, por mor de...</i>
Exemplificadores	<i>por exemplo, particularmente...</i>	Explicativos	<i>é dicir, isto é, noutras palabras, mellor dito...</i>
Presentativos	<i>velaquí, velaí</i>	Conclusivos	<i>en resumo, en suma, en definitiva...</i>
De confirmación	<i>en efecto, efectivamente, certamente, sen dúbida, claro...</i>	Distribuidores	<i>por unha banda, por outro lado...</i>
De expresión do punto de vista	<i>na miña opinión, persoalmente, desde o meu punto de vista, polo que a min respecta...</i>		

MARCADORES DISCURSIVOS E CONXUNCIÓNS	VALOR EQUIVALENTE
Abofé	Afirmación na actitude: <i>certamente, con certeza</i>
Aínda non ben	Temporal de inminencia: <i>así que, no momento mesmo de...</i>
Alén de	-Adición: <i>ademais de, amais de</i> -Exclusión: <i>excepto, non sendo, agás, de quitado...</i>
Asemade	Simultaneidade: <i>ó mesmo tempo, simultaneamente</i>
Así e todo	Contraargumentarivo: <i>con todo, a pesar de...</i>
Ben que	Adversativo: <i>aínda que, malia que...</i>
Co gallo de (que)	Causa ou razón: <i>co motivo de (que), por mor de (que)</i>
Como tal	Exemplificación: <i>por exemplo...</i>
Deste xeito	Consecutivo: <i>así, por tanto</i>
Disque	Introduce unha dúbida ou incerteza
Emporisco	Adversativo: <i>non obstante, agora ben, aínda así...</i>
Isto é	Introduce unha explicación ou paráfrase: <i>é dicir, quere dicir; noutras palabras...</i>
Mais	Adversativo: <i>pero, porén, non obstante</i>
Malia (que)	Adversativo, concesivo e contraargumentativo: <i>a pesar de (que), ben que...</i>
Namentres (que)	Temporal: <i>entre tanto (que)</i>
Non sendo (que)	Condicional: <i>a non ser que, de non ser que, se, de+inf</i>
Ora...ora...	Disxunción: <i>ou...ou..., ben...ben..., quer...quer...</i>
Por unha banda, pola outra	Enumeración que se vai contrapor a outra: <i>por unha parte, pola outra</i>
Verbo de	Introdución de tema: <i>sobre, no que respecta a, tocante a, referido a</i>
Xa que logo	Consecutivo: <i>por tanto, en consecuencia, daquela</i>

Se cadra	Introduce unha dúbida, posibilidade e incerteza: <i>quizais..., seica... poida que...</i>
Por moito que	Concesivo: <i>aínda que, aínda cando, malia que...</i>
Por mor de (que)	Causal: <i>por causa de (que), por culpa de, porque, por+inf</i>

FORMA INCORRECTA	FORMA CORRECTA GALEGA
*Anque	Aínda que, ben que, malia que
*Sen embargo	Non obstante, porén
*A pesares de que	A pesar de que, malia que
*Seique	Seica, acaso
*Mentras, *entrementras * namentras	Mentres, entrementres, namentres
*En cambio	Pola contra, en tronques
*Incluso	Mesmo
*Entonces	Entón, daquela, nese intre
*Pese a que, *pesia que	Malia que, a pesar de
*Se ben	Aínda que, ben que

ACTIVIDADES

EXERCICIO 1: Nos seguintes enunciados aparecen destacadas certas formas que funcionan como conectores textuais:

Podemos quedar o sábado, **que** non temos clase. **Aínda que**, pensándoo mellor, non sei por que temos que ir todos se, **por outro lado**, ademais, moitos xa teñen o seu traballo rematado. **En cambio**, os que aínda non o fixeron traballaría peor se estamos todos xuntos. **Así que** o mellor será que veñan os que aínda non acabaran.

- Indica que valores manifestan.
- Substitúeos por outros sinónimos.

EXERCICIO 2:

- Explica de maneira breve a situación vital que nos describe o poema; baseándote nel pero usa as túas propias palabras.
- Explica o sentido que teñen no poema as seguintes expresións: a) gastei os meus outonos e (estou) ben entrando xa no inverno (versos 1-2) ; b) só me asusta o raio, non os tronos (verso 4).

Agora, que gastei os meus outonos
e ben entrado xa no propio inverno,
acredito no fugaz e no eterno
e só me asusta o raio, non os tronos.

Un, dende fai moitos anos, comprendeu
que todo é aseqún e relativo
e ninguén é tan bo nen tan cativo,
nen podemos prescindir do propio eu.

Gardo dentro de min toda a fragancia
dos amados rincóns da miña infancia
e os recendos que tiña a vella casa.

Foi chama o meu amor. Agora é brasa.
Saleta sempre. Perdón pola arrogancia:
“A luz é poderosa. A tebra, escasa.”

Manuel María, *Sonetos á Casa de Hortas* (1997)

EXERCICIO 3: Le o texto e contesta as seguintes preguntas

Vigo, cidade de literatura: un mapa para percorrer as rúas onde naceron 300 novelas

A Biblioteca Pública Municipal Neira Vilas vén de publicar o *Mapa Literario de Vigo*, unha ferramenta colaborativa que recolle o denso espazo literario que constitúe a cidade olívica.

De Xulio Verne a Pedro Feijóo ou Carlos Oroza, de Leticia Costas a Ernest Hemingway ou María Xosé Quezán, de Xosé Luís Méndez Ferrín a Álvaro Cunqueiro ou Marcos Calveiro. **Vigo é literatura.** Na cidade olívica leuse e escribiuse e foi, ademais, escenario e protagonista dunha chea de obras literarias. A Biblioteca Pública Municipal Neira Vilas de Vigo vén de publicar o *Mapa Literario de Vigo*, unha ferramenta colaborativa que recolle o denso espazo literario que constitúe a cidade olívica.

O documento inclúe 3307 referencias a 285 novelas de 153 autores e autoras distintas. Na páxina do proxecto destácase que "Vigo, a cidade máis poboada de Galicia, é tamén un importante escenario de obras literarias. A cidade conta cunha traxectoria literaria relevante, que se remonta a séculos atrás, cunha comunidade literaria activa, que inclúe escritores e escritoras, editoriais, bibliotecas, librarías e outras entidades culturais".

O documento inclúe 3307 referencias a 285 novelas de 153 autores e autoras distinta e diseña unha ducia de rutas para percorrer os lugares que aparecen en cada obra literaria.

Na iniciativa da biblioteca Neira Vilas colaboraron editoriais, fundacións e entidades culturais e, ademais, un amplo grupo de lectores e lectoras, usuarias da biblioteca, que contribuíron á recompilación de citas bibliográficas. O proxecto permite consultar detalles das preto de trescentas obras analizadas, coas localizacións da cidade olívica que aparecen no texto.

Así mesmo, inclúese unha referencia biográfica para cada unha das 153 autoras e autores incorporados ao proxecto. Igualmente, deseñáronse un total de doce liñas literarias, imitando liñas de metro, coas que percorrer os distintos barrios da urbe, con indicacións das obras que fan referencia a cada lugar. O mapa pódese descargar nesta ligazón.

Os seus responsables destacan que pretenden que este "sexa **un proxecto vivo** que vaia medrando cos novos títulos que aparezcan e que teñan como espazo as rúas da nosa cidade; tamén que sexa un traballo colectivo no que quen queira colabore para completalo".

Como escribiu **Leticia Costas** en *Pel de cordeiro*, "nunca consegues coñecer esta cidade por completo. Sempre quedan rúas, camiños, escaleiras que xamais pisaches porque é tan fragmentaria coma inabarcable. Vigo é unha superposición de fragmentos. Alguén os coseu e agora vivimos nesta colcha de *patchwork* chea de cores e texturas".

Praza Pública (sábado 1, novembro 2025).

1. Resume o contido do texto.
2. Explica a intención do texto.
3. Explica a tipoloxía e o xénero discursivo do texto.
4. Indica o significado das palabras subliñadas tendo en conta o seu contexto textual

EXERCICIO 4: Le o texto e contesta as seguintes preguntas.

Todos facemos caca é o incuestionable título dun clásico libro infantil escrito polo xaponés Taro Gomi. Por desgraza, non todos os inodoros ofrecen unha boa descarga para eliminar os restos fecais. Ademais, **o baleirado do váter é unha fonte potencial de transmisión de microorganismos infecciosos**, porque pode xerar grandes cantidades de aerosois que conteñen microbios. Ante esa realidade, hai diferenza entre baixar a tapa do inodoro ou deixala levantada?

O dilema é relativamente novo. **Cara ao ano 315 (século IV), Roma tiña ao redor de 150 latrinas públicas**, a miúdo situadas preto de baños públicos, e moitas delas contaban con longos bancos de mármore para uso comunitario. Naquel escenario, a socialización prevalecía ante a privacidade. E continuou sendo desa maneira durante bastantes décadas.

Pasados uns cuantos séculos, a situación cambiou moito, pero aínda así, aínda hai **máis de 3.000 millóns de persoas en todo o mundo que non teñen acceso a baños seguros e limpos**. Máis dun terzo da poboación mundial! Os centos de millóns de persoas que a estas alturas continúan sen dispoñer de inodoros vense obrigados a **defecar en público ou ao aire libre**, por exemplo, nas cunetas das rúas, entre os arbustos ou en augas abertas. Isto causa **graves problemas de saúde pública**, ao propagar patóxenos fecais que contaminan a auga, o solo e os alimentos, á vez que xera sentimentos significativos de vulnerabilidade, vergoña e impotencia, e provoca importantes problemas sociais, especialmente para mulleres e nenas, que se enfrontan a un maior risco de violencia sexual e humillación.

Neste contexto ten sentido que “O retrete é un lugar para a paz e o progreso” fora o lema do Día Mundial do Retrete en 2024, promovido pola ONU, para destacar o saneamento seguro como un dereito humano fundamental.

Ao parecer, o mérito de inventar o precursor do váter con cisterna recae en Sir John Harington, afillado de Isabel I, quen en 1592 deseñou un aparello cunha cisterna elevada e un pequeno tubo polo que a auga arrastraba os refugалlos. Con todo, o enxeño foi ignorado durante case dous séculos. Rexurdiu con forza en 1775, cando o reloxeiro e mecánico escocés Alexander Cumming resolveu un problema clave ao desenvolver e patentar o tubo de desaugadoiro con forma de “S” (ou sifón) situado baixo o retrete, cuxa función era crucial para selar e eliminar de maneira efectiva os malos cheiros.

Ademais dos mal olor, dos inodoros escapan tamén **aerosois cargados de microorganismos**. Entre outros, diversas especies bacterianas dos xéneros *Aeromonas*, *Bacillus*, *Campylobacter*, *Clostridium*, *Escherichia*, *Klebsiella*, *Pseudomonas*, *Salmonella*, *Serratia*, *Shigella* ou *Staphylococcus*. De feito, numerosos estudos demostraron que a descarga do váter pode formar estes aerosois debido ao movemento da auga: burbullas, remuíños e salpicaduras, provocando a emisión de aerosois que conteñen microorganismos intestinais ou urinarios.

En 2015, un estudo confirmou a contaminación por *Escherichia coli* patóxena e resistente aos antimicrobianos en 56 baños públicos da área metropolitana de Minneapolis-St. Paul en Minnesota (Estados Unidos).

Os baños públicos non ventilados, ou con ventilación insuficiente, expoñen un maior risco de **infección cruzada**. De feito, as áreas próximas a todo tipo de inodoros e urinarios adoitan presentar unha contaminación alta, o que indica que necesitan réximes de limpeza estritos.

A transmisión nestes casos non se prevén evitando tocar o retrete ou sentar nel, como adoitamos pensar. Os microorganismos **pódense transmitir tamén por acumulación de patóxenos no corpo e na roupa do usuario** a través da aerosolización durante a descarga do váter ou o urinario, é dicir, ao tirar da cisterna. Tamén se pode transmitir pola **inhalación directa de aerosois** ou a transmisión indirecta tras a deposición de patóxenos aerosolizados en diversas superficies do baño como toallas, pastillas de xabón contaminadas, o mango da cisterna, as billas ou os propios pomos das portas.

Moitos patóxenos entéricos atópanse en alta concentración nas feces e, por tanto, nos inodoros despois da defecación, particularmente durante **episodios de diarrea aguda**. Por exemplo, unha persoa infectada chega a eliminar ata 100.000 millóns de unidades formadoras de colonias (UFC) de *Salmonella* e *Shigella* por feces. As persoas infectadas con virus entéricos poden eliminar 1 billón de virus por gramo de feces. Tras a descarga, as bacterias e os virus **poden dispersarse nas partes externas do váter e outras superficies do baño**.

Varios estudos informan de que baixar a tapa do váter reduce a cantidade de pingas visibles e pequenas durante e despois da descarga entre un 30% e un 60%. Por esta razón, os especialistas médicos e de saúde pública tradicionalmente aconsellaron pechar a tapa do inodoro antes de tirar da cadea. Con todo, un problema que a miúdo se pasa por alto é que **unha porcentaxe importante dos aerosois escapa a través do espazo de aire entre a cunca e o asento**, mesmo coa tapa pechada.

Parece ser que son necesarios datos adicionais sobre o papel da tapa do váter como unha medida de control. Do que non cabe ningunha dúbida é que a desinfección habitual de todas as superficies do baño é aconsellable para reducir a potencial contaminación viral e bacteriana.

Raúl Rivas Catedrático de Microbioloxía na Universidade de Salamanca. Gciencia (05/01/2025)

- a) Realiza un esquema do contido do texto.
- b) Explica a intención do texto.
- c) Explica a tipoloxía e o xénero discursivo do texto.
- d) Indica o significado das palabras subliñadas: microorganismos, refugallos, enxeño, patentar, selar, infección cruzada, viral.

REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA

MORFOLOXÍA DAS PALABRAS

A palabra é unha unidade lingüística da primeira articulación (posúe significado e significante) constituída por un ou varios monemas. Estes poden ser de dous tipos:

LEXEMAS achegan o significado léxico	Independentes ou libres	pan, coche, auga...		
	Dependentes ou ligados	galeg-a, pan-ad-eiro..		
MORFEMAS achegan o significado gramatical ou doutro tipo (lugar, acción, etc)	Independentes ou libres	Son os determinantes, os pronomes, as preposicións, as conxuncións...	de, en, o, desde, que...	
	Dependentes ou ligados	Derivativos permiten crear palabras novas	Prefixo	des-facer, pre-cociñado...
		Alterativos engaden matices de tamaño, afectividade valoración	Infixo Son elementos de unión que carecen de significado. Sitúanse entre o lexema e os morfemas derivativos para evitar cacofonías.	nai- c -iña, cafe- t -ería, pan- ad -eiro...
			Sufixo	perso- al , ourens- án , pel- axe
			Diminutivos	Pequ- echo , cach- iño ...
			Aumentativos	libr- azo , cabez- ón ...
			Despectivos	avogad- ucho , mentir- án ...
		Flexivos engaden información gramatical	Xénero	gat- o , alcald- esa ...
			Número	candea- s , túnel- es ...
			Desinencias verbais	cant- a-ría-s , com- e-r

**En nomes sen flexión de xénero, como zapato, ou nos verbos (cant-a-r) atopamos vogal temática.

Exemplos de segmentación

• nenos

nen-: lexema

-o-: morfema flexivo de xénero (masculino)

-s: morfema flexivo de número (plural)

• cantabamos

cant-: lexema ou raíz

-a-: vogal temática

-ba-: morfema flexivo, desinencia verbal, modo-tempo (copretérito de indicativo)

-mos: morfema flexivo, desinencia verbal, número-persoa (1ª persoa do plural)

• gaitero

gait-: lexema

-eir-: morfema derivativo sufixo (profesión)

-o: morfema flexivo de xénero (masculino)

1.1.-PREFIXOS

PRINCIPAIS PREFIXOS DE ORIXE GREGA		
AN- A-	"negación"	anarquía, ateo
ANFI-	"de unha e outra parte"	anfíbio
ANTI-	"posición contraria a"	antifranquista
ARQUI- ARCE	"posición superior"	arquiduque, arcebispo
DIA-	"movemento a través de"	diacronía
ENDO-	"interior"	endogamia, endosfera
EU-	"bo"	eufónico
HIPER-	"posición superior, exceso"	hipertenso
HIPO-	"posición inf., escaseza"	hipotensión
ORTO-	"correcto"	ortografía
META-	"alteración"	metamorfose
PARA-	"ao lado de"	paranormal
PERI-	"ao redor de"	perífrase
SIN-	"simultaneidade, compañía"	sincronizar

PREFIXOS DE ORIXE LATINA		
AB- ABS- A-	"separación"	abxurar, aversión
AD- A-	"aproximación ou dirección"	adxunto, arribar
ANTE-	"anterioridade"	antepoñer
CIRCUM- CIRCUN-	"ao redor de"	circunvalación
COM- CON- CO-	"contigüidade ou compañía"	compañeiro, colaborar
CONTRA-	"oposición"	contradiciu
DE-	"movemento de máis a menos ou de arriba a abaixo"	decaer , decrecer
DES-	"separación, acción contraria"	descompoñer, desterrar
DIS- DI-	"negación, separación"	distender
EX- ES- E-	"movemento para fóra"	extraer, estender, evadir
EX-	"estado anterior"	ex-ministro
EXTRA-	"fóra de"	extraoficial
IN- IM- EN- EM-	"movemento para dentro"	inmigrar, importar, enterrar, embarcar
INTER- ENTRE-	"posición intermedia" "relativo a varios suxeitos ou cuestións"	entreabrir internacional
INTRA- INTRO-	"interior"	intravenoso, introducir
OB- O-	"oposición / posic. fronte a"	oposición
POS- POST-	"posterioridade"	pos+ cons:pospoñer
PRE-	"anterioridade"	prever, prexulgar
PRO-	"movemento para diante"	proseguir prosoviético
	"posición en favor de"	
RE-	"movemento para atrás" "repetición"	retraer reler
RETRO-	"movemento para atrás"	retrovisor
SUB- SU- SOB- SO-	"inferioridade"	subterráneo, soterrar
SUPER- SOBRE-	"posición encima de" "exceso"	superpoñer, superpoboar sobredose
TRANS- TRAS- TRA	"mov. a través de"	transportar, traspasar
- ULTRA-	"posición máis alá de"	ultradereita
VICE-	"substituto de"	vicedirector , vicerrei

1.2.- S U F I X O S

1.2.1.- SUFIXOS APRECIATIVOS

- **Aumentativos:** -ON -AZO
- **Diminutivos:** -ICO -IÑO -ELO -OLO -ECHO -OCHO -UCHO -EXO -UXO -ETA OTE -OTA -UCO.
- **Despectivos:** -ACHO -UCHO -ORRIO -ASTRO...

1.2.2.- SUFIXOS DERIVATIVOS

Posibilidades de derivación que ofrecen os sufixos derivativos:

S→S, S→A, S→V, A→A, A→adv, A→V, V→V, V→S, V→A, V→S/A

Pera→ pereira, vila→ vilán, sacho→ sachar, caro→ careiro, feliz→ felizmente, escuro→ escurecer, durmir→ adormecer, mentir→ mentira, durmir→ durmiñón, durmiñoco, amar→ amante.

A) SUFIXOS COLECTIVOS	-ADO -ADA -AXE -AME -DURA -ERÍA -EIRO/A -AL -MENTO/A			alumnado camada plumaxe pelame dentadura cabalería cabeleira cancioneiro areal osamenta
B) SUFIXOS LOCATIVOS	-DEIRO -DOIRO -DOR	(v→s) (v→s) (v→s)	Lugar propiamente dito.	comedeiro, matadeiro lavadoiro, corredoira comedor, parador
	-ARIO -EIRO/A (s→s)		Lugar onde se garda algo.	campanario herbario canteira
	-ADO/A -IA	(s→s) (s→s) (s→s)	Territorio dunha xurisdición.	marquesado abadía
	-ERIA -ARIA		Lugar onde se practica unha acción.	Panadería notaría
	-AL -AR		Lugar onde abunda algo.	areal
C) SUFIXOS XENTILICIOS	-ÁN / -Á -ES / ESA -ENSE / -ENSA INO / -INA Subst→ Adx. -EGO / -EGA -EIRO / -EIRA - OTO / -OTA		Xentilicios galegos.	ferrolán/a coruñés/esa lucense monfortino/ina chairego/ega rianxeiro/eira baixomiñoto/a

	-ÁN / -A -ANO / -ANA -ÉS / -ESA -ENSE / -ENSA -EIRO / -EIRA -I	Xentilicios foráneos.	afgán/á angolano/ana chínés/esa canadense brasileiro/a iraquí
D) SUFIXOS TEMPORAIS	-ADO/A -IZO/A	Duración, acción. Propio da época.	Alborada invernizo
E) SUFIXOS DE ACCIÓN	-CIÓN -SION -IÓN -DURA -TURA -SURA -MENTO -(A)DO/A -(I)DO/A -ÓN -ECER (incoativo) -EXAR (iterativo) -EAR (iterativo) -IZAR (iterativo) *Deverbais: -A -E -O -EO - /	Proceso, acción, efecto. (V → S)	admiración concesión botadura adelgazamento calada, chamada batido apagón floreecer branquexar guerrear fertilizar amarra □ amarrar baile □ bailar abandono □ abandonar abaneo □ abanear afán □ afanar

-DOR -TOR -SOR - OR -NTE	Axente que realiza a acción da base verbal. (V → S)	inventor precursor Tamén profesionais / caracterizadores.
-ADA -AZO	Golpe dado ou recibido. (S → S)	cuada, patada zapatazo

INTERFIXOS

Son morfemas que poden ir:

- Entre o prefixo e o lexema: *en-S-anch-ar*
- Entre o lexema e o sufixo: *fum-AR-eda* **Distinto é o caso de ros-al-eda (existe ros-al).**

Bafo→ baf-AR-ada / Fume→ fum-AR-eda

Xardín-C-iño, corazón-C-iño, botón-C-iño.
Non poden considerarse variantes do diminutivo.

FORMACIÓN DE PALABRAS

Simples	1. Lexema (+morfemas flexivos n/p)	nenos, gato, pan	
	2. Morfemas gramaticias independentes	de, en, que, desde	
Derivación	Lexema + morfemas derivativos/alterativos	libr- ar ía, bis-avoa, fe- al -dade	
	Adoita supoñer unha modificación de significado	pera (froita) - pere ira (árbore)	
	Adoita supoñer unha modificación de categoría gramatical	escuro (adxectivo) - escure ecer (verbo)	
Composición	Lexema + Lexema	contagotas	
	verbo + substantivo	sacarrollas	
	verbo + verbo	bulebule	
	substantivo + substantivo, etc...	motoserra	
Parasíntese	Acción simultánea da sufixación e prefixación	Em-pequen-ecer *empequeno *pequenecer	
	A palabra carece de sentido sen unha delas		
	A- AR: acortar EN-/EM-...AR: embarcar	EN-/EM-...ECER: encarecer DES-...AR: deslumbar	
Abreviaturas	Simples	Representación dunha palabra na escritura mediante unha ou varias das súas letras	Dr. (Doutor) Dra. (Doutora)
	Compostas	Redución de fórmulas estereotipadas. Levan puntos despois de cada palabra abreviada	d.e.p (descanse en paz)
	Siglas (complexas)	Unión de letras (normalmente iniciais) formando un sintagma. Escritas en maiúsculas e sen puntos	ESO DOG (diario oficial de Galiza)
Acrónimos	Voz formada pola combinación de letras e sílabas de varias palabras que é tratada como unha palabra do léxico cotiá, ten entrada no dicionario		
	Acronimia síglica Formada a partir das iniciais de cada compoñente	ovni obxecto volador non identificado	
	Acronimia simétrica Formada por razón de sonoridade, únense unha ou varias sílabas do comezo e/ou final.	autobús automóbil omnibus	

ACTIVIDADES

2. Na seguinte serie de palabras identifica e clasifica os constituíntes, como nos exemplos:

TÉPEDO: *téped* (lexema) -o (morfema gramatical de xénero)

XORNALISTAS: *xornal* (lexema) -ista (morfema derivativo) -s (morfema gramatical de número)

cazadores, xubilosos, verdadeira, inglesa, nacional, fusís, prehistórico, hoteleiro, desarmar.

6. Fíxate nos prefixos ou nos sufixos e localiza o termo intruso de cada serie.

<i>preaviso</i>	<i>abeirar</i>	<i>anticlerical</i>	<i>agoirento</i>	<i>alimento</i>
<i>precario</i>	<i>abordar</i>	<i>anticonceptivo</i>	<i>pegañento</i>	<i>apartamento</i>
<i>predominar</i>	<i>acalorar</i>	<i>antílope</i>	<i>carraxento</i>	<i>lanzamento</i>
<i>prenatal</i>	<i>anunciar</i>	<i>anticiclón</i>	<i>catavento</i>	<i>nacemento</i>
<i>presupor</i>	<i>apandar</i>	<i>antiparasitario</i>	<i>fedorento</i>	<i>pensamento</i>

7. Localiza na seguinte relación as palabras que presentan sufixo:

<i>camiño</i>	<i>estorniño</i>	<i>fociño</i>	<i>fresquiño</i>	<i>golfiño</i>	<i>mainiño</i>
<i>meguiño</i>	<i>meiriño</i>	<i>paniño</i>	<i>pauciño</i>	<i>reiciño</i>	<i>remuíño</i>
<i>seixiño</i>	<i>sentidiño</i>	<i>sobriño</i>	<i>trasniño</i>	<i>veciño</i>	<i>velaíño</i>

3. Clasifica as seguintes palabras segundo sexan simples, compostas, derivadas ou parasintéticas:

agora, repetidor, alugueiro, papaventos, avellentado, luminoso, termómetro, acuático, débil, ecopacifismo.

8. Localiza as palabras derivadas por sufixación e/ou prefixación do seguinte texto e indica cal é o valor do morfema derivativo:

Cando se trata de caracterizar a personalidade colectiva de Galicia ou de Portugal, as palabras “saudade” e “lirismo” sempre resultan ser as preferidas, talmente coma se traducisen mellor que ningunha outra os trazos da nosa fisionomía espiritual que chaman a atención dos demais. Pola amplitude e a insistencia con que se produce, este feito ten para nós un significado orientador, porque é indubidable que as observacións ou os xuízos que os outros fagan de nós tenderán a destacar aquilo que en nós vexan de máis privativo, de máis peculiar.

Ramón Piñeiro, *Filosofía da saudade*

Explica cal é o proceso de formación das palabras subliñadas no texto.

A Biblioteca Pública Municipal Neira Vilas vén de publicar o *Mapa Literario de Vigo*, unha ferramenta colaborativa que recolle o denso espazo literario que constitúe a cidade olívica.

De Xulio Verne a Pedro Feijóo ou Carlos Oroza, de Leticia Costas a Ernest Hemingway ou María Xosé Quezán, de Xosé Luís Méndez Ferrín a Álvaro Cunqueiro ou Marcos Calveiro. **Vigo é literatura.** Na cidade olívica leuse e escribiuse e foi, ademais, escenario e protagonista dunha chea de obras literarias. A Biblioteca Pública Municipal Neira Vilas de Vigo vén de publicar o *Mapa Literario de Vigo*, unha ferramenta colaborativa que recolle o denso espazo literario que constitúe a cidade olívica.

O documento inclúe 3307 referencias a 285 novelas de 153 autores e autoras distintas. Na páxina do proxecto destácase que "Vigo, a cidade máis poboada de Galicia, é tamén un importante escenario de obras literarias. A cidade conta cunha traxectoria literaria relevante, que se remonta a séculos atrás, cunha

comunidade literaria activa, que inclúe escritores e escritoras, editoriais, bibliotecas, librarías e outras entidades culturais".

O documento inclúe 3307 referencias a 285 novelas de 153 autores e autoras distinta e deseña unha ducia de rutas para percorrer os lugares que aparecen en cada obra literaria.

Na iniciativa da biblioteca Neira Vilas colaboraron editoriais, fundacións e entidades culturais e, ademais, un amplo grupo de lectores e lectoras, usuarias da biblioteca, que contribuíron á recompilación de citas bibliográficas. O proxecto permite consultar detalles das preto de trescentas obras analizadas, coas localizacións da cidade olívica que aparecen no texto.

Así mesmo, inclúese unha referencia biográfica para cada unha das 153 autoras e autores incorporados ao proxecto. Igualmente, deseñáronse un total de doce liñas literarias, imitando liñas de metro, coas que percorrer os distintos barrios da urbe, con indicacións das obras que fan referencia a cada lugar. O mapa pódese descargar nesta ligazón.

Os seus responsables destacan que pretenden que este "sexa **un proxecto vivo** que vaia medrando cos novos títulos que aparezcan e que teñan como espazo as rúas da nosa cidade; tamén que sexa un traballo colectivo no que quen queira colabore para completalo".

Como escribiu **Ledicia Costas** en *Pel de cordeiro*, "nunca consigues coñecer esta cidade por completo. Sempre quedan rúas, camiños, escaleiras que xamais pisaches porque é tan fragmentaria coma inabarcable. Vigo é unha superposición de fragmentos. Alguén os coseu e agora vivimos nesta colcha de *patchwork* chea de cores e texturas".

Praza Pública (sábado 1, novembro 2025).

<i>Acompañan ao S.</i>	<i>¿Que é?</i>	<i>Calidades do S</i>	<i>. Substitúen ao S.</i>	<i>Que Fai?</i>	<i>Modifican ao V.</i>	<i>ENLACES</i>		
DETERMINANTES	SUBSTANTIVOS	ADXECTIVOS	PRONOMES	VERBOS	ADVERBIOS	PREPOSICIÓNS	CONXUNCIÓNS	INTEREXECCIÓNS
<u>ARTIGOS</u> O, a, os, As <u>DEMOSTRATIVOS</u> Este, Ese, Aquel Esta, Esa, Aquela Isto, Iso, aquilo Estes, Esos,... Estas, Esas,... <u>POSESIVOS</u> (1 Posuidor) O meu-s, teu-s, seu-s Miña-s, túa-s, súa-s (Varios Posuidores) Noso/a-s, Voso/a-s A-O seu <u>INTERROGATIV./</u> <u>EXCLAMATIVOS</u> Que, Cal, Canto <u>INDEFINIDOS</u> Un, Unha, Uns, Unhas Algún, Ningún, Outro Bastantes,, Poucos, Varios, Demasiados, Calquera,... <u>NUMERAIS</u> Cardinais: 1,2,... Ordinais: 1º,2º..	(Nomes) Comúns Propios Concretos Abstractos Individuais Colectivos		<u>PERSOAIS tónicos</u> Eu, min, comigo Ti, vostede, contigo El-Ela, si, consigo Nós, nosoutros, connosco ... <u>PERSOAIS átonos</u> me - nos te/che - vos o,lo,no/a,la,na/lle/se <u>DEMOSTRATIVOS</u> Este, Ése, Aquél,... <u>POSESIVOS</u> Meu-Miña/-s, Teu-Túa/-s, Seu-Súa/-s Noso/a-s Voso/a-s Seu-Súa/-s <u>INTERROGATIV./</u> <u>EXCLAMATIVOS</u> Quen, Que, Onde, ... <u>INDEFINIDOS</u> <u>NUMERAIS</u> <u>RELATIVOS</u> Que, Cal, Quen, Cuxo, Canto	.AUXILIARES .REGULARES .IRREGULARES <u>CONXUGACION</u> 1º AR 2ª ER 3ªIR <u>PERSOA</u> 1ª, 2ª, 3ª <u>NUMERO</u> Singular Plural <u>TEMPO</u> Presente Pasado ou Pretérito Futuro.... <u>MODOS</u> Indicativo Subxuntivo Imperativo <u>VOZ</u> Activa Pasiva	<u>LUGAR</u> (Onde) Aquí, Alí, Cerca, Lonxe, Arriba. Dentro, Diante.. <u>TEMPO</u> (Cando) Onte, Mañá, Hoxe, Antes, Xa, Nunca, Sempre.. <u>CANTIDADE</u> (Canto) Máis, Menos, Moito, Bastante, Pouco, Nada,... <u>MODOS</u> (Como) A présa- A modo, Ben- Mal-Regular, Lento, .. <u>AFIRMATIVOS</u> Si, Tamén.. <u>NEGATIVOS</u> Non	A ANTE ATA BAIXO CABE CARA A CON CONTRA DE DESDE DURANTE EN ENTRE MEDIANTE PARA POR SEGUNDO SEN SO SOBRE TRAS	<u>COORDINANTES</u> <u>COPULATIVAS</u> E, Nin <u>DISXUNTIVAS</u> Ou, ben, <u>ADVERSATIVAS</u> Pero, mais, senón <u>SUBORDINANTES</u> <u>COMPLETIVAS</u> Que, se <u>DE TEMPO</u> Cando, mentres.. <u>DE LUGAR</u> Onde <u>DE MODO</u> Como <u>COMPARATIVAS</u> Tanto.... Coma Máis, MenosQue <u>CONSECUTIVAS</u> Entón, Logo, Que <u>CAUSAIS</u> Porque, pois,.. <u>FINAIS</u> ...Que <u>CONCESIVAS</u> Aínda que <u>CONDICIONAIS</u> Se, Como	<u>PROPIAS</u> ¡ AH! ¡ OH! ¡ OLA! ¡ OXALÁ! ¡ AY! ¡ UF! <u>IMPROPIAS</u> ¡.....!

1. Indica a clase de palabras do segundo parágrafo do texto da páxina anterior.
2. Indica a clase de palabras do último parágrafo do texto da páxina anterior.

SINTAXE

Para a sintaxe guíate polos apuntamentos que subirá a aula virtual a profesora.

Amais lembra facer un repaso das funcións sintácticas vistas no trimestre anterior. Máis ten en conta estes casos especiais:

CASOS ESPECIAIS DE CONCORDANCIA DO SUXEITO CO VERBO

- Cando o sintagma que funciona como suxeito é composto, a concordancia faise en plural:

Luís, Eva e Ana chegaron tarde.

- Non obstante, cando o suxeito composto vai despois do verbo pode concordar, ben en plural, ben en singular co primeiro membro:

Chegaron tarde Luís, Eva e Ana. / Chegou tarde Luís, Eva e Ana.

- Cando o suxeito expresa un **sentido partitivo** (a metade de... , a maioría de...), aconséllase manter a concordancia en singular co cuantificador (metade, maioría...):

A metade dos presentes preferiu marchar

- Exceptúanse as oracións copulativas, pois nelas a calidade ou estado atribúese a cada un dos individuos (non a unha totalidade):

A metade dos presentes son mulleres.

CASOS ESPECIAIS DE CONCORDANCIA DE “CD” INTRODUCIDOS POLA PREPOSICIÓN ‘A’

Como regra xeral, **precisan esta preposición** os CD:

- Formados por pronome persoal ou por outros pronomes como todos, calquera...

Vino a el na rúa.

Convidades a calquera.

- Formados por nomes de parentesco.

Saudei a teu pai.

- Formados por nomes propios.

Atopei a Xurxo no cine.

- Que poden ser confundidos co suxeito (evitando así ambigüidades).

Comeu unha formiga a unha araña.

Son **incorrectas**, daquela, oracións como:

~~Alí atopei a moita xente.~~

~~Fun visitar a uns amigos.~~

No seu lugar debemos dicir:

Alí atopei moita xente,

Fun visitar uns amigos

Sinala os erros que atopas nas seguintes oracións:

- a) Leu o discurso Ana, Rosalía e Pedro
- b) Chegaron tarde Lidia, Patricia e Daniel.
- c) A metade dos presentes preferiu marchar.
- d) A metade dos presentes son mulleres.
- e) Vino a el na rúa.
- f) Convidades a calquera.
- g) Saudei a teu pai.
- h) Atopei a Xurxo no cine.
- i) Comeu unha formiga a unha araña.
- j) Fun visitar a uns amigos.

LINGUA E SOCIEDADE

VARIEDADES DIALECTAIS DO GALEGO


Todas as linguas son entidades dinámicas suxeitas a múltiples variacións en función dos seguintes factores:

- ☐ O paso do tempo: variedades históricas ou **diacrónicas**.
- ☐ A localización xeográfica: variedades **diatópicas** ou xeográficas.
- ☐ O nivel sociocultural dos/as falantes: variedades sociais ou **diastráticas**.
- ☐ A situación comunicativa: variedades **diafásicas** ou rexistros.

Neste tema centrarémonos nas variedades diatópicas, que son estudadas pola **Dialectoloxía**. As variedades diatópicas maniféstanse en calquera nivel da lingua:

- ☐ Na fonética: gheada, seseo, metafonía, rotacismo...
- ☐ Na morfosintaxe: formación do plural, pronomes, formas verbais...
- ☐ No léxico.


No caso do galego, distinguimos **tres grandes bloques dialectais: Oriental, Central e Occidental**. Para delimitar estes bloques tense en conta a presenza de certas características lingüísticas próximas nun territorio que non se presentan noutro. Nos mapas dialectais, os límites dun fenómeno lingüístico represéntanse cunha liña imaxinaria chamada **isoglosa**.



Dentro destes bloques, existen áreas lingüísticas de menor extensión, que veremos máis adiante.

		Bloque occidental	Bloque central	Bloque oriental
Fonéticos	Gheada	<i>ghato</i>	<i>ghato/gato</i>	<i>gato</i>
	Seseo	<i>zapato / lus</i> <i>sapato/lus</i>	<i>zapato / lus</i> <i>zapato / luz</i>	<i>zapato / luz</i>
Morfolóxicos	Solución sufixo -ANUM	<i>irmán/irmán</i>	<i>irmao/irmá</i>	<i>irmáo/irmá</i>
	Plural palabras en -n	<i>pantalóns</i>	<i>pantalós</i>	<i>pantalois</i>
	Pronome 2ª persoa	<i>ti</i>	<i>ti/tu</i>	<i>tu</i>
	Solución ULT- latino	<i>moito/muito</i>	<i>moito</i>	<i>moito/muito/muto/mutio</i>
	Solución -INUM latino	<i>camiño</i>	<i>camiño</i>	<i>camín</i>
	Vogal temática C2	<i>colleches</i>	<i>colliches</i>	<i>colliches</i>
	P5 Presente Ind.	<i>cantades</i>	<i>cantades</i>	<i>cantais</i>

MAPAS DIALECTAIS DO ALG (Atlas Lingüístico Galego)



Plurais das palabras rematadas en -n




Gheada/Non gheada



Seseo




Terminación -ANUM latina



Solución ULT latino




Ti/tu; LLo/llelo




il / el




cantabamos/cantábamos




cua-, gua- / ca-, ga-




ver/mirar



isto/esto



Uso de te/che



Presente Ind. P5



Partiu/parteu/colliu/colleu

O BLOQUE OCCIDENTAL

O bloque occidental abrangue a metade occidental das provincias de Pontevedra e A Coruña e unha zona do sureste de Ourense.

- Gheada
- Seseo total (*cosiña*) e parcial (*rapas*)
- Terminación -án para masculino e feminino (*o irmán/a irmán*). Tamén *mañán, ran...*
- O plural das palabras rematadas en -n faise con -ns (*os cans*)
- Pronome *ti*
- Solución do ULT latino: *moito/muito*
- Solución do INUM latino: *camiño*
- Vogal temática -e- na C2 (*colleches*)
- Presente da P5: *cantades*

ÁREAS

Área fisterrá

- Seseo total: *sapato/lus*
- Cheísmo

Área bergantiñá

- Seseo parcial: *zapato/lus*
- Ditongo oi (*moito*)
- *colliu/partiu*

Área pontevedresa

Subárea norte

- Demonstrativo *esto*
- Ditongo oi (*moito*)
- *colleu/parteu*

Subárea sur

- Demonstrativo *isto*
- Ditongo ui (*muito*)
- *colleu/partiu*

Crusou unhas curtiñas, crusou unhas curtiñas crusou... però Manuèl èra pola mañán, Manuèl non aparecía. Èran ar dose è Manuèl non vèu, èran as tres da tarde è Manuèl non vèu, iè claro!, pois algo lle pudo pasar. Alá xa lògho èra a tardiña cheghou Manuèl, todo pingando, cos... todo, buèno co, de andar polo, polo, polas curtiñas è polos, cos pés pingando è os pantalóns por baixo todos pingando, è sentouse, así á beira da lareira, è díxolle a filla de, a finada de mi madre: -¿È ti que, ti onde tuvèches hò? -però el non dixo nada-, ¿però onde tuvèches, ti onde tuvèches? [*Veciña de Teo*]

O BLOQUE CENTRAL

O bloque central inclúe as falas do interior das provincias da Coruña e Pontevedra, e case a totalidade das provincias de Lugo e Ourense, agás a zona máis oriental.

- Gheada / Non gheada: si se produce este fenómeno na zona occidental (limítrofe co bloque occidental) e non se produce no leste do bloque.
- Ausencia de seseo total, mais si hai seseo parcial (*rapas*) nas zonas de Pontevedra e A Coruña.
- Terminación -ao para masculino (*o irmao, o verao*) e -á para feminino (*a irmá, a mañá*).
- O plural das palabras rematadas en -n faise con -s (*os cas*).
- Pronome *tí* no occidente e *tu* no oriente.
- Solución do ULT latino: *moito*
- Solución do INUM latino: *camiño*
- Vogal temática -i- na C2 (*colliches*)
- Presente da P5: *cantades*

ÁREAS

Área mindoniense

Pronomes da P2, P4, P5: *tu, nosoutros, vosoutros*
colleu/parteu
seña/esteña

Área central de transición

colleu/parteu - colliu/partiu
Terminación -án para feminino (*a irmán*)

Área lucu-auriense

Demostrativos *iste/ise/aquil*
Pronome P3 e P6: *il / iles*
colleu/partiu

Área oriental de transición

Ditongo -ui: *muíto*
cantandes/cantais

Por èghèmplo, así canciós ór mozos dos outros puèblos pa que viñèran aquí á ruada è entonces empezaban. Iban pá ruada è, è tocabas tí, por eghèmplo, tocabas a ghòta, a muiñeira i-un vals è bāilabas aquilo. È despoise, tocáballe a outra moza, a outra parexa de mozas, tocare è bāilaban as outras. È despois viñan or mozos, despois sacaban a bāilar ar, ar mozas. È entonces, por eghèmplo, o que quería estar cunha moza, que tiña relaciós con èla, pois aquel púñase cara un ladiño è estaba alí toda a noite coa moza.
[Veciña de Lamas, Forcarei]

O BLOQUE ORIENTAL

O bloque oriental abarca o galego do leste das provincias de Lugo e Ourense, así como o galego exterior falado no oeste de Asturias, León e Zamora.

- Non gheada - Ausencia de seseo - Terminación -ao para masculino (<i>o irmao, o verao</i>) e -á para feminino (<i>a irmá, a mañá</i>). - O plural das palabras rematadas en -n faise con -is (<i>os cais</i>). - Pronome <i>tu</i> - Solución do ULT latino: <i>moito/muito/muto/mutio</i> - Solución do INUM latino: <i>camín</i> - Conservan as formas cua-, gua-: <i>cuatro, guardar</i> - Vogal temática -i- na C2 (<i>colliches</i>) - Terminación -is para a P5: <i>cantais, cantabais</i>		ÁREAS	
		Área oriental-central	Mantén as características do bloque.
		Área asturiana	Conserva o -l- intervocálico latino: <i>avolo, molín</i> (fronte a <i>avó, muíño</i>). Artigo masculino <i>el</i> Terminacións -<i>íus, -ías</i> fronte a -<i>iños, -iñas</i> (<i>molíus, sardías</i>). Posesivos: <i>mou, tou, sou; mía, túa, súa</i> Formas: <i>úa, algúa, ningúa</i>
Área zamorana	Teísmo Ausencia de ditongo: <i>muto, truta</i> Terminación -iño: <i>camiño</i>	Área ancaresa	Gheada Cheísmo Vogais nasalizadas: <i>madr[~]ia, [~]ua</i>

Si, xa aló polo mil novecèntos trinta è dous, trinta è tres, foise a Madrí, grandes comisiois, fíxose mutos traballos, asta que se chegou a conseguir pra unha estación. Dende o cual estivo estaquillada, xa preparada con cuatro estacas, i-a ferramenta en Ponferrada onde se titulaba Obras Nuèvas pra vir a traballar, estivo aprobada.

Veciño de Carucedo (León)

ACTIVIDADES

1. PAU. Repara na forma dialectal non-estándar *irmao* que o autor usa evocando un coñecido verso do poeta celanovés C.E. Ferreiro, propio do seu bloque dialectal de orixe: o galego central. Indica os principais fenómenos lingüísticos que permiten caracterizar os tres bloques lingüísticos do galego.
2. PAU. A palabra *rincós* (verso 10) amosa un fenómeno dialectal que caracteriza un dos bloques dialectais do galego. Cal é ese fenómeno? Que bloque dialectal caracteriza? Sinala outros dous fenómenos característicos dese bloque.
3. Define a gheada e explica que tres teorías temos sobre a súa orixe. Onde se produce este fenómeno?
4. En que consiste o cheísmo e o teísmo? En que áreas dialectais se producen?
5. Explica que é o rotacismo. En que lugares se produce?
6. PAU. Este texto pertence á novela *Avelaíñas eléctricas* (2022) de Sica Romero. Indique que variedade dialectal reflicte xustificando a súa adscrición mediante, como mínimo, catro exemplos/características tirados do relato. A partir desta narración e dos seus trazos dialectais elabore logo un texto expositivo-argumentativo sobre o valor das variedades dialectais das linguas, especialmente da lingua galega. Extensión aproximada: 150 palabras.

Papá Mighel mola muitísimo. Cando teu pai morriu, viviches cos avós ata os quince, e aínda que daquela andaban tristesos, lembrás os momentos con vivesa e cariño porque sempre che quixeron ben. (...)

De nena, teu avó levábache ó sentro cultural onde el pedía un caraghillo e a ti deixábache pedir un aquarius e dábache os seus asucarillos en que lambías ata que desaparecían... un visio.

Sica Romero, *Avelaíñas eléctricas* (2022)

7. Este texto pertence á novela *Avelaíñas eléctricas* (2022) de Sica Romero. Indique que variedade dialectal reflicte xustificando a súa adscrición mediante, como mínimo, catro exemplos/características tirados do relato. A partir desta narración e dos seus trazos dialectais elabore logo un texto expositivo-argumentativo sobre o valor das variedades dialectais das linguas, especialmente da lingua galega. Extensión aproximada: 150 palabras.

Sen máis nin máis, desacóughaste. Que che pasa? É o nerviosismo que aparese. Así, sen máis nin máis. Pásache moitas veces despois de días estraños, no momento de sentar, cando deixas de moverte e faser cousas. (...) Ó fondo, unha parella crusa frases soltas. Ela apoucada. El cani. Por pouco que mires entendes que nin se coñecen. (...) Apetéseche escribir. Fáselo sen parar pra botar fóra. Pensas se deberías meter esta parte da noite no caderno.

Sica Romero, *Avelaíñas eléctricas* (2022)

8. Este texto pertence a unha das variedades dialectais do galego. Indique que variedade dialectal reflicte xustificando a súa adscrición mediante, como mínimo, catro exemplos/características tirados do relato. A partir desta narración e dos seus trazos dialectais elabore logo un texto expositivo-argumentativo sobre o valor das variedades dialectais das linguas, especialmente da lingua galega. Extensión aproximada: 150 palabras.

Resulta que o Callán ten unha mula. Esa mula ó botarlle a mau a unha te[ta], ó botarlle a mau a unha teta arrelincha que se mata. Entón, díxéronlle que lla compraban, però que tiña que estar preñada; i-èl, i-èl díxolle:

-Anda, anda preñada de seis meses.

Entóncer dixo o outro, díxolle:

- ¿È dá, è dá muito leite?

È dixo el, dixo:

-O que se queira, tódolor días. Cuando, cuando, cuando a tiña eu, daba polo menos dous litros, cada, cada doce horas.

È dixo el, díxolle, díxolle:

-Buèno, se, se a mula dá dous litros de leite cada doce horas, eu cómprolle a mula -dixo-, però tènme que responder que non malpaira. Se malpaire, non lla quèro.

Díxolle o outro:

-Trato feito.

È entonces, unha mañá do vrau, aí de cara ár cinco, a mula estaba relinchando, por a cría, è entonces o outro díxolle, díxolle:

-I-à cría, ¿onde lle está?

Dixo:

-A cría vendinlla ònte.

Dixo:

-I-àora, aora ¿pa que a quèro?

Dixo:

-¿È lògo tu non preguntabas por o leite?

Dixo:

-Buèno, pò logho, lêvolle a mula, ¿è cuanto quère por ela?

-Quèro vinte billetes.

[*Veciño de Vilardevós*]

EDUCACIÓN LITERARIA

TEMA 7. A NOVA NARRATIVA GALEGA

Os anos 50 e 60 son unha época de crise e cambios sociais profundos tanto en España como en Europa. Neste contexto xorde a Nova Narrativa Galega (NNG), un conxunto de autores/as cuxas obras editadas entre finais dos 50 e comezos dos 70 supoñen a renovación da narrativa galega do momento, pois incorporan temáticas e técnicas innovadoras inspirándose en escritores americanos e europeos (James Joyce, William Faulkner, Franz Kafka etc.) e en movementos literarios como o *nouveau roman* francés, do que toman o nome.

Considérase que a primeira obra da NNG é *Nasce unha árbore* (1954), de Gonzalo Mourullo, e que remata con *Adiós, María* (1971) de Xohana Torres, aínda que existe controversia para determinar o seu final.

➤ Principais características da NNG:

ARGUMENTO

Nesta narrativa desaparece a historia argumental, non existe tampouco a estrutura tradicional de presentación, nó e desenlace. O «argumento» límitase a simples anécdotas ou sucesións de acontecementos cotiáns na vida dunha persoa. Isto provoca que os diálogos sexan absurdos e incoherentes pois, ás veces, non están motivados por nada.

Miña querida Lou:

Arrecende o mar en Puech Merlhou? Eiquí en Vigo arrecende.

Como che prometín, vou facerche entrega dos meus segredos amorosos. [...] Esta é a historia da Vella. Non che digo o seu nome porque nunca estiveren fixo dil. Simplemente a Vella.

Eu tiña un plan cando deixei a miña casa, a miña aldea. Tiña un plan segredo. Un plan escuro.

Cáseque era un impulso. (Xa ti sabes todo o que en min hai de irracional). Figúrate un rapaz —apenas un home— buscando naquíl bairro sen nome, onde as rúas —apenas rúas— carecen de dirección fixa, Busquei e canseime. Dormín a primeira noite nun banco de pedra. Millor dito, non poiden dormir pois o banco estas ba xusto embaixo dun farol. [...] Pola mañá seguí buscando. No meu plan estaba percurar sempre. percurar sempre.

TEMÁTICA

A temática afástase do ruralismo, do costumismo e da realidade para centrarse, de maneira recorrente, na **morte** e en estados psicolóxicos e patolóxicos de todo tipo: a **loucura**, as perturbacións sexuais, os **soños**, o desdoblamento da personalidade, o que implica un estado angustioso no personaxe unido moitas veces á soidade e á dor existencial. Algúns autores procuran un

tempo pasado, habitualmente a infancia. A **violencia**, a **tortura** ou a existencia de ambientes agresivos son tamén frecuentes en Carlos Casares ou en Xosé Luís Méndez Ferrín.

Hoxe é domingo pola mañá. Pasei parte da noite bebendo e teño ardencia no bandullo. De cada vez que penso, é decir, de cada vez que sinto que hai un chinche no teito, poño por caso, ou que teño ollos e vexo, ou que hai homes e gando e casas e resulta que teño días maos, síntome desacougado. Eu son León Barreiros. E que? Podía ter sido unha laxe mexada do calexón de Entre Rúas. Non entendo por qué estou agora a escribir istes papeis que ninguén vai ler. E todo foi dende o da miña nai. Ela está ben morta. Comprázome en imaxinarlle unha presadiña de vermes en cada ollo. Ela agora ben a gosto, desfacéndose aos poucos na súa caixa.

X. L. Méndez Ferrín: «Un chinche durme no teito», en *O crepúsculo e as formigas*

SIMBOLISMO

Os personaxes son símbolos do ser humano en xeral, perdidos na súa propia terra.

En Xohán Casal aparece a figura do náufrago nunha illa deserta, símbolo da soidade das persoas. Outro símbolo frecuente é a **fiestra**; a súa presenza simboliza a relación do personaxe co mundo exterior e a súa ausencia é o illamento do personaxe coa vida.

NARRADOR

Desaparece o narrador omnisciente: prefírese a **1ª persoa protagonista** ou o **narrador obxectalista** (ou cámara). Mestúranse diferentes voces narrativas.

Predomina o **monólogo interior** ou fluír da conciencia (reprodúcense os pensamentos tal e como xorden na mente do/a personaxe).

En números redondos levan os pais xa en Francia un ano e seis meses e eu por aquí apañando coas consecuencias, pero calma, Maxa, que todo se andará.

¿Qué como foi aquela desgracia? Que os autobuses se botaron a rodar polas rúas sen máis, crebou entón a Empresa de Tranvías, os empregados sen emprego naturalmente metidos nun lío sen comelo nin bebelo, así de sinxelo como vos conto, o meu pai no grupo, vaia home, resultáralles fina a papeleta. E como non ía a ocorrer o desperfecto, víase vir coa competencia dos aparatos eses, como aceleraban os condenados, quen iles tusía aos bechos asubiando os autobuses coas rodas nas curvas

Adios María de Xohana Torres

OBXECTALISMO

Moi frecuente é que a obra dea un **protagonismo excesivo aos obxectos** que son descritos polo miúdo coma se o narrador fose unha cámara cinematográfica. Na

medida en que se lle dá existencia ao obxecto, desaparece o personaxe, os seus valores humanos e os seus sentimentos. Este «inxenuo» obxectalismo é unha **crítica á sociedade «cousificada»** onde teñen máis importancia os obxectos ca os seres humanos. (*vid. A orella no buraco*)

A superficie está lañada xustamente por onde falta a pintura. Anteriormente tiña sido verde agora era moura, denegrada, marrón, arrubiscada.

As estillas eran máis claras. O respaldo continuaba sendo verde e contrastaba co negro enfurruxado das patas de ferro. Nalgunhas partes, sobre de todo nas estremidades había pequenos buracos.

Desperto con dor. Teño unha orella metida nun dos buracos máis grandes. As miñas mans penden a ambas as bandas da táboa lañada, engadíndolle dúas patas ao banco, dúas patas curvadas e redondas cunha base sobresaíndo contrafora como un sillón estilo Luis XV.

A orella no buraco de Xohana Torres

ESPAZO

A localización espacial é imprecisa. Abundan os ambientes **urbanos**, claustrofóbicos e sórdidos. Son frecuentes os espazos **fechados** en **contraposición** con escenarios moi **amplos**, que tamén se dan. Neste caso adoita haber dous planos, un o da realidade e outro o da ficción, que é o mundo fantástico.

Percival levantouse da cadeira, pechou a radio, ollou pola fenestra. A longa lúa íase perder ao lonxe entre semáforos vermellos e verdes de anuncios fluorescentes (espazo da realidade) [...] Saíu logo ao xardín, cun libro na mao. Saíu ao «Xardín das Outas Árbores» [...] O bosque empezaba a poboarse de sombras de misterio [...] Un alento heroico atravesaba o bosque até Percival.

X. L. Méndez Ferrín: *Percival e outras historias*

TEMPO

Rexéitase a cronoloxía lineal, polo que abundan os **saltos temporais** (analepses e prolepses). O tempo da historia tamén se reduce.

PERSONAXES

Os/As personaxes son **antiheroes**: seres marxinais, problemáticos, e con frecuencia desequilibrados, inseguros, angustiados, con traumas da infancia e con patoloxías mentais. Adoitan ser **anónimos** e tampouco aparecen caracterizados. (*vid.* texto 1 d' *O crepúsculo e as formigas*)

AUTORES/AS

Son varios/as os/as autores/as que integran a Nova Narrativa Galega: Gonzalo R. Mourullo, Xohana Torres, Xohán Casal, Camilos Gonsar...mais, entre todos eles, destacan tres: Xosé Luís Méndez Ferrín, M^a Xosé Queizán e Carlos Casares, que comezaron a súa actividade literaria dentro da NNG e consolidaron a súa traxectoria nos anos seguintes.

Destacan:

MELENDEZ FERRÍN


Ferrín publica dentro da NNG tres obras: os libros de relatos *Percival e outras historias* (1958) e *O crepúsculo e as formigas* (1961), e a novela *Arrabaldo do norte* (1964). Neles atópanse as características propias da NNG, mais con matices: en *Percival* sobresaí o emprego da fantasía mesturada co mundo real, mentres que os relatos d'*O Crepúsculo* están cargados de violencia e morte. En *Arrabaldo do norte* é salientable o xogo de voces narrativas que alternan ao longo das súas páxinas.

MARÍA XOSÉ QUEIZÁN

Pertence á NNG a súa primeira obra, *A orella no buraco* (1965), unha novela completamente renovadora, que destaca polo obxectalismo e a variedade de narradores, como *Arrabaldo do norte* de Ferrín.



CARLOS CASARES



Escrebe dúas obras enmarcadas na NNG: *Vento ferido* (1967) e *Cambio en tres* (1969). As dúas son obras da última etapa do movemento.

Os relatos de *Vento ferido* afástanse un pouco das características do movemento, mais neles obsérvase a pluralidade e voces narradoras e a temática violenta e desacougante. Porén, en *Cambio en tres* o autor si segue o estilo propio da NNG e experimenta co obxectalismo, co tratamento do tempo e, incluso, coa disposición gráfica do texto.

En definitiva, todas as obras deste movemento contribuíron a renovar as técnicas e temáticas da narrativa galega incorporando as últimas tendencias da literatura universal.

PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DA NNG

➤ Argumento

- Desaparece a historia argumental – non hai presentación, nó, desenlace
- Son simples anécdotas ou sucesión de acontecementos cotiás
- Formada por diálogos absurdos ou incoherentes, non están motivados

➤ Temática

- Afastada do ruralismo, do costumismo e da realidade
- Centrase na morte, nos estados psicolóxicos, patolóxicos:
 - Loucura
 - Perturbacións sexuais
 - Soños
 - Desdobraemento da personalidade
 - Soidade
 - Dor existencial
- Temas como a violencia, a tortura ou os ambientes agresivos

➤ Simbolismo

- Os personaxes normalmente son símbolos e metáforas do ser humano xeral
- Naufrago como símbolo da soidade
- Fiestra como símbolo da relación do mundo exterior co interior

➤ Narrador

- Desaparece o narrador onisciente
- Preferencia pola 1ª persoa protagonista ou o narrador obxectivo (cámara de cine)
- Mestura de voces narradoras
- Predominio do monólogo interior
- Pode dirixirse a un narratario (vós ou ti)

➤ Obxectalismo

- Protagonismo excesivo dos obxectos con excesivas descrições
- Buscan darlle existencia a ese obxecto, así desaparece o personaxe e os seus valores como unha crítica á sociedade cousificada

➤ Espazo

- Localización espacial imprecisa
- Abundan os espazos urbanos, claustrofóbicos e sórdidos
- Confróntanse os espazos pechados cos amplos
- Adoita haber dous planos: o da realidade e o da ficción (ou mundo fantástico)

➤ Tempo

- Rexeitamento da cronoloxía lineal
- Abundan os saltos temporais: analepses e prolepses

➤ Personaxes

- Son antihéroes
- Seres:
 - Marxinais
 - Problemáticos
 - Desequilibrados
 - Angustiaados
 - Con traumas da infancia
 - Con patoloxías mentais
- Adoitan ser anónimos e pouco caracterizados

➤ Autores:

- Xosé Luís Méndez Ferrín
 - *Percival e outras historias* (1958)
 - *O crepúsculo e as formigas* (1961)
 - *Arrabaldo do norte* (1964)
- María Xosé Queizán
 - *A orella no buraco* (1965)
- Carlos Casares
 - *Vento ferido* (1967)
 - *Cambio en tres* (1969)

ACTIVIDADES

1. Este texto de María Xosé Queizán pertence ao libro *A orella no buraco* (1965). Relacione o fragmento, brevemente, co movemento literario da Nova Narrativa. Indique o tema principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Analice, brevemente, a estrutura do fragmento e o tratamento que nel se dá do espazo. Extensión aproximada: 200 palabras.

Pola mañán as grandes vilas do Norde durmen aínda cando os seus moradores espertan, e siguen rezagadas no leito do inverno, cubertas ca fumaxada matinal. (...)

Nista vila dáse moi acusadamente o contraste do vello e do novo, do fremoso e do feo, do probe e do rico. Así, a carón dunha gran mole neoclásica, tan frecuentes na vila, unha miserable casoupa, apuntalada con grandes paus, estase derrubando. E hai cafés luxosos, non contaminados, illados na promiscuidade da cidá, onde sempre fai frío a pesares da calefacción, frío orixinado nos ocos que separa á xente entre sí, no cheiro perfumado e xeadado, nas voces refinadas e apenas perceptíbeles, nos ollos frigoríficos de ollada elegante. Istes son os cafés dos ricos. Dempóis hai os outros, mesturados, bruidosos, humanos. “Os outros” non son somentes os cafés dos probes sinón tamén dos que se sinten solidarios coles, por cuia razón son chamados snobistas.

Pro onde o contraste resulta máis notorio é no aspeito humano. Polo feito de ter o país un nivel de vida elevado, os probes, os mendigos, os vagabundos desfarrapados, producen asombro e fan voltar a testa aos transeúntes. (...) Non é pois estrano que nas frías mañás do inverno, moi cedo, un madrugador vislumbre entre a fumaxada, bultos mouros nos respiradeiros dos metros, nos recovecos das prazas, e nos bancos; bultos que a medida que o madrugador se vai achegando, ou que a fumaxada vai abrindo, fanse corpos atecidos, suxos, fedorentos e mal cubertos con farrapos.

María Xosé Queizán, *A orella no buraco* (1965)

2. Este texto de Vento ferido pertence ao escritor Carlos Casares. Relacione o fragmento, brevemente, co **movemento literario da Nova Narrativa**. Indique o **tema** principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Analice o **argumentos** e o **narrador** presentes neste fragmento. Sinala outros dous autores contemporáneos e unha das súas obras. Extensión aproximada: 200 palabras.

Se se cabrea que se cabree. A min que. Aguanto i adiós. Vaime matar ou que. Se se cabrea, ala, a beber, a beber i a cantar ou que. Xa sei o conto. Nada de berros nin barullos. Conozo ben o choio. Nin siquera me di borracho, non, ela ben sabe. Abóndalle ai, meu Dios, ai, meus filliños, ela ben sabe. Se se cabrea que se cabree. Ás doce e media non me meto eu na casa. Non me meto non ou que. Vou estar de oito a oito dando clases e logo nada, non, home, non. Veña, que se cabree. Ai, meus filliños, ai, ai que estou canso. Porque un home pódese cansar e despois, bueno, é millor calar porque me estou cansando de ter aí, no primeiro banco ó fillo do Chevrolet, con cara de touciño, porque me estou cansando e un día ponse de rodillas sen máis porque me dá a gana porque estou canso de ver a cara de parvo que ten, que parece un apalominado, me cago nil, que burro, si, que burro, que lle vou decir ó Chevrolet que o poña a cavar ou que o meta nun comercio, que o raparigo non sirve, que é tatexo e non me sabe dividir por decimais, cara de touciño, cara de non sei que que ten o porco ise. E se se cabrea, tamén me cabreo eu, que xa está ben de apandar ou que, que non vai ser sempre día de santo entroido. Veña, que se bebo é á miña conta, que non lle pido a ninguén e se lle pido, millor que se pides, prestan ó oito, que xa podes ter á muller pra dar á luz, que non hai volta, quince mil e ó oito e se non che convén, ós morcegos, a papar vento, que bastante favor din que che fan, que se expoñen, que os recibos ó fin non serven pra nada, que non che van quitar a pel ou que inda que findes na cadea eso non importa, que con ir un á cadea eles non cobran e que se che embargan, o embargo non val o que tiñan que cobrar, que se me cabreo vou coller o vaso e vouno escachar contra o chau e se quero non deixo un vaso san que xa veremos como me arranxo en xaneiro que me vén o quinto en camiño e aínda que traia o pan debaixo do brazo o pan heino mercar eu, ou que. E a algún voulle mandar o vaso á cabeza, que de min non se ri ninguén nin naceu fillo de nai que me bata; que me estou cansando e vai ser ela, que me estou cansando e cando me canso non respondo, que xa está ben ou que, tanto mirar de esguello

ni niño muerto, tanto mirar así, como se non foras xente ou como se non tiveras ollos, que moitos pensan que un é parvo coma o fillo do Chevrolet, que ten cara de touciño, que algún vaise acordar da nai que o pariu.

3. Este texto pertence á obra *O crepúsculo e as formigas* de Mendez Ferrín. Relacione o fragmento, brevemente, co **movemento literario da Nova Narrativa**. Indique o **tema** principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Analice o simbolismo e o narrador deste conto. Sinala outros dous autores contemporáneos e unha das súas obras. Extensión aproximada: 200 palabras.

O sol está morrendo e sobre a vila treme unha brétema moi lixeira e algo vermella.

Eu vivo no derradeiro piso e olla a vila.

Emprincipian a se acender as luces, impotentes contra a mesta e bárbara avanzada das sombras. As sombras penetran as rúas coma algo sen corpo e fanse mestas nos ollos dos homes.

É o intre do crepúsculo.

Agora é cando morre a lus e os perfís das cousas deixan de ser concretos.

Achego a miña cara á fiestra, aos vidros das fiestra, e vexo a rúa longa, ategada de xente informe, coma un carreiro de formigas que fervera estreitamente, escuramente.

Os homes son como formigas, na vila sen nome.

E eu, neste intre do crepúsculo, véxoos desdebuxados, esvaídos, pois o alento da miña boca vai embazando prograssivamente o cristal que se interpón antre o shomes e a miña ollada.

Eu non limpo o cristal, non abro a fiestra.

Deixo, o lector, que ise bafo inapalpábel desfigure a miña imaxe dos tebregosos homes da vila, no crepúsculo, que mesmamente enche a rúa estreita e prolongada coma se foran unha columna de formigas en marcha.

4. Este texto pertence á obra *Vento Ferido* de Carlos Casares. Relacione o fragmento, brevemente, co **movemento literario da Nova Narrativa**. Indique o **tema** principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Analice o **narrador**, **personaxes** e o **espazo** deste conto. Sinala outros **dous autores contemporáneos** e unha das súas obras. Extensión aproximada: 200 palabras.

Agora estou neste colexio. Aquí levo un ano. É primavera e non podo saír. Ao mellor saio para xullo. Onte leváronme á sala de castigos. Din que non se pode andar sós, que hai que xogar. Tampouco se pode andar de dous en dous. A puta que os pariu a todos. Eu quero andar só para pensar. A min non me gusta xogar ao fútbol nin ao frontón, Gústame xogar no lavabo. E non se pode. Está prohibido. Pero polas noites, cando todos dormen, érgome e vou aos lavabos e xogo á guerra. Polo día collo moscas e gárdoas nunha caixa de mistos. Pola noite meto as moscas na pileta e ábrolle ao grifo, pouquiño a pouco, paseniño. As moscas soben, foxen pola pileta enriba, pero eu doulles para abaixo cunha palliña e afogan. É a guerra. Afogan pouco a pouco. É o xogo da guerra. Un día colléronme e leváronme á sala de castigos. E chamáronme marrao por andar coas moscas nas man. ¿E que? Se non fose pola guerra, podrecía de noxo. No inverno, como non había moscas, xogaba con cachiños de papel, pero non é tan bonito. Para xullo din que saio. O Rata, ao mellor pensa que me esquecín. Estache bo. ¡Ai, Rata! Estache bo. Heino arranxar ben arranxado. El ha pensar que somos amigos. Estache bo. ¡Ai, Rata! “¿Vés ao río?” El vén, que lle gusta moito. “¿Xogamos aos submarinos?” El xoga, que lle gusta moito xogar aos submarinos. Primeiro paso eu. Paso dúas ou tres veces. Despois que pase el. Eu escarranchome e el pasa por debaixo da auga entre as miñas pernas. E así dúas ou tres veces, para que se confíe. Pouquiño a pouquiño. Paseniño. E entón, hala, cando pase, pecho as pernas e queda preso polo pescozo. Pouquiño a pouco. Paseniño. Como as moscas da pileta.

CARLOS CASARES, *Vento ferido*, 1967.

TEMA 8. O TEATRO GALEGO ENTRE 1936 E O 1975: A XERACIÓN DOS 50 E O GRUPO DE RIBADAVIA

O resultado da Guerra Civil orixinou un prolongado silencio editorial e literario en Galicia, que só comezou a superarse a comezos dos anos cincuenta. O xénero teatral non foi unha excepción: entre 1936 e 1952 só se publicaron tres obras dramáticas. Esta **penuria editorial** acompañouse cunha práctica **aniquilación da escena galega**, que apenas sobrevive da man dos Coros Populares, que representaban pezas costumistas e folclóricas. Polo tanto, o impulso dado ao teatro nas décadas anteriores polas Irmandades da Fala desapareceu.

A posta en marcha da Editorial Galaxia significou un certo pulo no proceso de recuperación da literatura dramática galega. En 1952 Otero Pedrayo publica *O desengano do prioiro* e Jenaro Marinhas del Valle a súa farsa *A serpe*. A partir dos anos 50 e ata practicamente o final da ditadura as pezas do teatro galego seguían diversas liñas temáticas: teatro **costumista**, como o cultivado na época das Irmandades (*Brétemas e raiolas*, de Leandro Carré Alvarellos); obras **vanguardistas**, que continuaban coas tendencias modernizadoras do teatro de preguerra (*Pauto do demo*, de Ánxel Fole); pezas **existencialistas**, que reflicten a situación traumática que vive a sociedade logo da Guerra Civil (*Auto do taberneiro*, de Manuel María); teatro **histórico**, que se achega a momentos claves do pasado galego (*Os irmandiños*, de Daniel Cortezón); e teatro **social crítico** (*O triángulo ateo*, sátira da incultura e do autoritarismo, de Jenaro Marinhas).

Na década dos 50 publican obras dramáticas autores xa consagrados como Jenaro Marinhas del Valle, Ricardo Carvalho Calero ou Álvaro Cunqueiro. Este último escribiu a peza dramática máis destacada do período, *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958), unha relectura da famosa obra de Shakespeare, que segue a liña de reinterpretación de figuras literarias iniciada xa na súa narrativa. A calidade e modernidade da obra radican na linguaxe dramática empregada e na revisión ou recreación mítica que efectúa. O personaxe de Hamlet, ampliado con elementos do Edipo e do Orestes gregos, sérvelle a Cunqueiro para encarnar unha reflexión sobre a identidade e a existencia humanas.

O TEATRO DA XERACIÓN DOS 50

Ademais, nos anos 50 e a comezos dos 60 son moitos os novos autores que, concienciados da importancia do teatro como elemento normalizador da lingua, se unirán a crear obras dramáticas en galego. O teatro destes escritores, denominados **Xeración dos 50**, desenvolveuse nun contexto no que non existían grupos teatrais profesionais nin salas estables de representación. A represión franquista provoca que a representación das obras sexa practicamente imposible, polo que quedaron, na maior parte dos casos, como teatro “para ler” ou inédito.

- **Manuel María** é autor dunha copiosa obra teatral (23 pezas publicadas e 19 inéditas). Iníciase en 1957 con *Auto do Taberneiro* e partir dos 60 crea un teatro popular e reivindicativo (*Barriga verde*, 1968; *Farsa do Bululú*, 1973). Entende o teatro como instrumento para de educación e concienciación.
- **Xohana Torres** contribuíu a engrosar o repertorio galego con dúas obras: *A outra banda do Íberr* (1965) e *Un hotel de primeira sobre o río* (1968). En ambas as pezas, as figuras femininas asumen un papel decisivo na defensa da Terra.
- Outros autores desta Xeración son **Méndez Ferrín** con *Celtas sen filtro* (1983) e **Bernardino Graña**, autor de *Os burros que comen ouro (nunca cabalos serán)*, premiada en 1979 no VII Certame Abrente. Todas as súas obras comparten unha visión crítica sobre o poder do diñeiro e sobre a vida alienada do ser humano moderno.

O TEATRO INDEPENDENTE E A MOSTRA DE RIBADAVIA

A década dos 60 tamén supuxo o rexurdimento da actividade dramática en Galicia. En 1965 naceu o primeiro grupo de teatro independente galego, **O Facho**, fundado na Coruña por Manuel Lourenzo. O Teatro Independente estaba composto por unha serie de grupos itinerantes que buscaban achegar o teatro ao pobo, profesionalizalo, modernizalo e, deste xeito, normalizar o uso da lingua galega na escena.

Foi un momento clave para a dramaturxia galega a celebración en 1973 da **Primeira Mostra** e do **Primeiro Certame Abrente de Teatro Galego** en Ribadavia, que terá continuidade ata 1980. As **Mostras de Ribadavia** foron o punto de encontro de grupos, autores e público, un espazo onde se intercambiaban ideas e un revulsivo que promoveu a representación e a publicación de obras. Igualmente, esta experiencia predeceu noutras localidades de Galicia, onde tamén se foron creando novos grupos de teatro de afeccionados.

O grupo de autores que neste período (anos 70 e 80) consolidou e anovou o teatro galego denominouse **Xeración Abrente**. De entre todos, destacan tres, que continuaron a súa produción posteriormente e se converteron en grandes figuras da dramaturxia.

- **Manuel Lourenzo** (1943) é escritor, director, actor e ensaísta, e unha das figuras máis salientables do teatro galego. A súa obra dramática está composta por uns cento cincuenta títulos e pode agruparse en varias liñas temáticas: mitoloxía clásica e galega, problemáticas sociais, o propio teatro etc. Son súas as obras *Romería ás covas do demo* (1969) ou *Fedra* (1982).
- **Euloxio Rodríguez Ruibal** (1945). Membro da Real Academia Galega e investigador danosa historia teatral é un dos dramaturgos galegos máis prestixiosos e renovadores. Escribiu obras de

temática social e tamén pezas infantís. Algunhas das súas pezas son *Zardigot* (1974), Premio Abrente en 1973, e *O cabodano* (1977).

- **Roberto Vidal Bolaño** (1950-2002) dedicouse por completo ao teatro (foi actor, director, escenógrafo, iluminador, creador de compañías...). A súa obra caracterízase por mesturar elementos populares, vangardistas e cinematográficos. Escribiu títulos como *Laudamuco, señor de ningures* (1976) ou *Doentes* (1997). Foi homenaxeado no Día Das Letras Galegas en 2013.

O Teatro Independente foi o alicerce da profesionalización de varios grupos teatrais logo do fin da ditadura, a pesar das dificultades económicas existentes e da falta de apoio institucional.

